



UNIDADE 7

Antes de que sexa tarde

Nesta unidade imos crear unha campaña de concienciación social sobre algún tema de interese común.

Para iso, imos aprender:

- ◆ *casos especiais de flexión de xénero e número* ◆ **o/a/os/as dito/a/os/as, o/a/os/as citado/a/os/as** ◆ *diferentes recursos léxicos e gramaticais para cohesionar textos: uso de sinónimos, hiperónimos, hipónimos, pronomes...*
- ◆ *distintos procesos de formación de substantivos* ◆ *vocabulario do ámbito do medio*

1. INNOVACIÓN E CRECIMENTO SUSTENTABLE

A. O crecemento sustentable e a protección do planeta son dous dos grandes retos aos que se enfrenta a humanidade neste século. Cales son para ti os principais problemas e riscos?

- Pois para min un deles é a emisión de gases que deterioran a atmosfera...

B. Agora vas ler un texto informativo, extraído da páxina web da Consellería de Innovación e Industria, acerca dunha iniciativa empresarial a prol da protección do medio. Segundo a entrada do texto a continuación, cal crees que é o seu ámbito de actuación?

A falta de planificación de solo industrial provocou que moitas empresas galegas fosen absorbidas por núcleos urbanos. Agora, a normativa esíxelles adecuar as súas emisións sonoras á calidade necesaria nese contorno.

C. Le agora o texto e sintetiza o seu contido. Para axudarche a facelo, podes realizar un resumo de dúas ou tres liñas de cada un dos parágrafos. Logo facede unha posta en común toda a clase.

1 **Santiago de Compostela, 23 de maio de 2006.-** A calidade acústica é o grao de adecuación das características acústicas dun espazo ás actividades que se van levar adiante nese ámbito. Así a define a Lei do ruído, do 17 de novembro de 2003, desenvolvida por un regulamento do 16 de decembro do 2005. Esta definición marca o punto de partida para unha clasificación do solo en función do seu uso e para facer plans de obxectivos que terán como finalidade a adecuación á legalidade dos niveis de emisión (ruído xerado) e inmisión (ruído ambiental percibido nun lugar, nun determinado intre), empregándose para isto os índices acústicos homoxéneos que ponderan a contribución á calidade acústica das diferentes franxas horarias das 24 horas do día.

2 En Galicia, a falta de planificación do solo industrial provocou que algunhas industrias fosen absorbidas por núcleos urbanos. Agora, coa entrada en vigor da nova normativa, estas empresas deben adaptar as súas emisións sonoras á calidade necesaria do contorno urbano no que se atopan. A compañía coruñesa Servizos de Enxeñería e Montaxe Alén está a traballar no deseño e desenvolvemento dunha ferramenta informática para facilitarles a estas empresas a súa adaptación á nova Lei do ruído. O sistema achegaralles respostas prácticas reais adecuadas a cada caso concreto e ofrecerá solucións óptimas para o desenvolvemento de parques industriais mellorando a calidade acústica co emprego de novas solucións de amortecemento. O proxecto de investigación conta co apoio económico do Plan galego de I+D+i da Consellería de Innovación e Industria, a través do Programa de tecnoloxías ambientais. Esta reportaxe forma parte dunha serie sobre proxectos de investigación nos que o investigador principal é unha muller. O obxectivo que persegue a Dirección Xeral de I+D+i promovendo estas informacións é aumentar a visibilidade da muller no ámbito da investigación, especialmente no sector privado.

3 **MAPAS DE RUÍDO COMO SOPORTE PARA A TOMA DE DECISIÓNS ADECUADAS**

O primeiro paso de Servizos de Enxeñería e Montaxe Alén para levar adiante este proxecto de investigación foi a elaboración de mapas de ruído, traballo que acometeu no ano 2005. Estes mapas son as ferramentas que lles van permitir tomar as decisións correctas en materia de calidade acústica. Equipos de medición, como os sonómetros, os acelerómetros ou as máquinas de impacto; equipos de integración de datos como o software de análise e representación e sistemas de transmisión en liña figuran tamén como ferramentas a empregar polos investigadores na elaboración dun proxecto no que se prevé tamén estudar a posibilidade de incluír materiais atenuantes do ruído na paisaxe urbana. Blanca Benedicto, investigadora principal do proxecto, explica tamén que esta ferramenta informática “integrará a tecnoloxía de medición coa tecnoloxía da simulación”, e ofrecerá respostas sobre cal, como e onde deben empregar cada solución material.

4 **EMPRESAS E ADMINISTRACIÓNS, PRINCIPAIS DESTINATARIOS DO PRODUTO**

As empresas e as administracións públicas figuran como os principais destinatarios do produto que resulte deste proxecto de investigación, “aínda que tamén poderá utilizalo calquera particular que estea interesado en avaliar as posibilidades de redución de ruído”, segundo matiza a investigadora. Polo que respecta ás empresas, Blanca Benedicto matiza que, máis que de sectores, habería que falar daquelas localidades nas que non se planificou axeitadamente o uso do solo. “Non obstante, podemos pensar en empresas que empregan maquinaria pesada, sistemas de extracción forzada ou compresores frigoríficos, entre outras”. Os traballadores destas compañías deben ser atendidos nos seus dereitos, recollidos nunha lei do 10 de marzo do ano 2006 sobre a protección da saúde e da seguridade dos traballadores contra os riscos relacionados coa exposición ao ruído, “polo que a nosa experiencia no uso de materiais e construción de prevención e redución acústica será de enorme axuda para atender esta necesidade”, afirma. Os empresarios, xa que logo, están obrigados



a facer unha planificación do risco á exposición sonora e deben tomar medidas no eido da atenuación e na prevención, tanto colectiva como individual. O programa informático desenvolvido por Alén axudaralles na toma das decisións máis axeitadas á súa problemática concreta.

5 UN PROBLEMA DE SAÚDE PÚBLICA CAUSADO POLA CONTAMINACIÓN ACÚSTICA

A poboación que vive preto destas empresas sofre tamén a súa contaminación acústica, o que desemboca nun “gran problema de saúde pública”, como o define Blanca Benedicto, provocado polo crecemento urbano no contorno non só destas industrias, senón tamén das vías de comunicación. “Este proxecto achegará solucións óptimas para o desenvolvemento de parques industriais e de vías de comunicación mellorando a calidade acústica, ao empregar novas solucións de amortecemento e detectar aqueles lugares onde se debe actuar polo ben da cidadanía”, explica a investigadora.

6 Todo isto sen esquecer as zonas de protección acústica especial, é dicir, zonas como as vías de comunicación, portos e aeroportos que fosen absorbidas por unha urbe e nas que, unha vez elaborados e postos en funcionamento os plans de actuación da Administración pública, non se conseguiu adecuar o nivel de ruído. A investigadora explica que nestes lugares “aplicaranse medidas correctoras específicas dirixidas a mellorar a calidade acústica a longo prazo”. Para iso, deseñarán plans zonais específicos que melloren a acústica e a adaptación á calidade desexada. “Os plans serán adecuados a cada caso concreto e irán dende o uso de materiais atenuantes ata a modificación de trazados ou o cambio nas formas de circulación”. Tras a elaboración dos mapas de ruído, os investigadores atópanse agora na fase de aplicar as solucións construtivas aos problemas atopados, solucións que esperan ter listas para finais deste ano. “Con esta ferramenta informática trataremos –afirma Blanca Benedicto– de arranxar os problemas que nos presenten as empresas e as administracións en materia de ruído, dándolles resultados en pouco tempo e cun custo axeitado”.

7 Servizos de Enxeñería e Montaxe Alén, SL naceu no ano 1999 en Santiago de Compostela e desenvolve a súa actividade nos campos do medio, a industria e a enerxía. Dentro do campo ambiental, tamén desenvolveu traballos de mellora da calidade ambiental e estudos de viabilidade. A compañía conta tamén cunha experiencia de máis de cinco anos na medición e control de ruídos e está homologada pola Xunta de Galicia para a medición de contaminación acústica e vibracións. Na actualidade, conta cun cadro de vinte empregados e a súa facturación anual é de 1,2 millóns de euros.

D. A continuación tes unhas afirmacións polémicas sobre diferentes aspectos relacionados co texto anterior. En parellas, escollede unha e discutide e argumentade a vosa opinión respecto dela. Ambos tendes que chegar a un consenso e, logo, transmitirlo á clase.

Sempre se penaliza as empresas serias e non os lugares de ocio que son os que fan realmente ruído.

As empresas non teñen porque pagar as consecuencias da urbanización masiva.

Este tipo de iniciativas só serve para captar diñeiro público porque, ao final, non solucionan nada.

2. ANTES DO MÓBIL

A. Le o seguinte artigo sobre a telefonía móbil. Estás de acordo coas afirmacións que nel se fan? Veste reflectido nalgún aspecto?

COMPAÑEIRO INSEPARABLE

Lémbrase vostede de como era a súa vida antes de ter móbil ou talvez é tan novo que case naceu na era do móbil? Resistiuse moito tempo e foi deses que só compraron o seu primeiro teléfono móbil despois de que todos os seus amigos e familiares tivesen un? Foi un dos primeiros adeptos? Ou para vostede é algo totalmente natural, xa que ten un dende que ten uso de razón? Tanto ten, porque seguro que vostede, resistente, adepto ou mozo da xeración móbil, ten un deses aparellos.



Son moitos os aspectos da vida cotiá que cambiaron grazas á popularización da telefonía móbil. Pero, como acontece a miúdo cos grandes inventos ou avances tecnolóxicos, os móbiles impuxéronse de tal xeito que xa case non nos lembramos de como era a vida antes de comezar a levar sempre o noso teléfono no peto.

Sen dúbida, un dos aspectos da nosa vida social que máis cambiou despois de que todo o mundo tivese un móbil é a maneira de quedar e, en certo modo, o valor das citas. Mozos e non tan mozos cítanse (para tomar algo, para ir ao cinema, para verse na casa etc.) cunha forma diferente a como se facía hai tan só dez anos e antes de, finalmente, chegar a encontrarse é frecuente que se envíen numerosas mensaxes, falen ou se fagan as populares (e aínda gratuítas) chamadas perdidas.

Pero hai un aspecto talvez máis importante da revolución móbil, e é o feito de que, en moitos países en vías de desenvolvemento, a telefonía móbil xa lle adiantou á fixa e chegou antes ca esta ás clases populares. Así, en cidades nas que a instalación dunha liña fixa estaba (polo seu elevado prezo) fóra do alcance de moitísimas persoas e nas que só se conseguía ter un teléfono na casa despois de agardar anos, os móbiles trouxeron unha solución rápida, flexible e, se non tan barata, polo menos accesible.

B. En que outros aspectos cres que a telefonía móbil cambiou a vida das persoas? Que novas cousas nos permite facer?

C. Pensa nalgún outro invento ou avance tecnolóxico que cambiase a vida das persoas. Cal? En que e de que xeito o fixo?



3. INVENTORES DE PALABRAS

A. Os nomes de moitos obxectos fórmanse xuntando dous termos xa existentes na lingua. Sabes como se chama ese tipo de palabras? Fíxate en como están formados os seguintes exemplos. Podes dicir outros que se formen igual?

Paraugas Montacargas ...

B. Seguindo o mesmo proceso, utiliza os verbos do cadro da dereita para formar outras palabras.

Montar	Abrir	Tirar
Parar	Limpar	Gardar

C. Exemplos como **coche cama** ou **ferrocarril** amosan outra posibilidade de combinar palabras. En parellas, imaxínade que sodes inventores de obxectos peculiares e creade palabras para nomealos. Logo, explicádelles aos demais compañeiros a utilidade dos vosos inventos.

• *Pois nós inventamos o garfo-abano, que serve para...*

4. UN INCENDIO

A. Le a seguinte noticia sobre un incendio en Galicia. Como sabes, cada verán os incendios representan un grave problema ambiental. Viviches de cerca algún suceso similar? Coméntao cos teus compañeiros.



Churrascada con incendio en Monte Lobeira

Cara ás 12 h da noite de onte, declarouse un incendio no Monte Lobeira. O lume iniciouse cos rescaldos dun churrasco que, ao parecer, fixeron uns mozos da bisbarra, entre os que se encontraba a poetisa Carla Goldar. Os rapaces, crendo que as cinzas estaban completamente apagadas, apartáronse do lugar no que prenderan o lume e antes de que se desen conta, o lume volveu aparecer.

Afortunadamente, as chamuscas espalláronse despois de que o grupo xa estivese máis afastado do lugar, en boa medida pola arriscada acción dunha muller dos arredores, que aproximou o seu coche preto do foco onde se iniciou o lume, de xeito que puido evacuar rapidamente os mozos. O incendio propagouse con celeridade e alcanzou unha zona boscosa de difícil acceso. Unha patrulla de catro garda civís procurou acceder á zona e tentou dominar a extinción do lume, pero non o conseguiu. Os land rover, dotados unicamente duns bidóns de auga con mangueras, resultaron insuficientes para apagar as lapas.

Así foi como o dispositivo do corpo municipal de bombeiros de Vilagarcía de Arousa, que xa fora alertado polos propios involucrados, se dirixiu ao lugar do sinistro, pero, antes de chegar, sufriu unha grave avaría, o que obrigou a acudir aos bombeiros de Vilanova de Arousa, a localidade máis próxima. Non obstante, as condicións meteorolóxicas foron favorables á extinción: o vento era case nulo e, pouco despois de chegar a dotación de bombeiros de Vilanova, unha forte tormenta axudou a que o lume non se propagase.

Por fortuna, non houbo que lamentar danos materiais de importancia, agás algún desperfecto nos pisos piloto da construtora Lobarnerlas, SA. Polo contrario, as consecuencias do incendio si foron devastadoras tanto para a paisaxe como para a diversa fauna da zona, tal como alertaron diversas oenegúes e clubs de afeccionados á ornitoxía, posto que o Monte Lobeira é o hábitat de especies como pombas torcaces, rulas ou paporrubios, cuxos exemplares lamentablemente puideron resultar extintos coa acción devastadora das lapas.

Esta madrugada, antes da saída do sol, deuse por extinguido o incendio e a alcaldesa, en representación do concello, estuda condecorar a Isolina Outeiro Rual, convertida na heroína da xornada ao facilitar o salvamento dos rapaces.

B. Saberías explicar os mecanismos empregados para formar o plural das palabras subliñadas no texto? Como farías o plural das que aparecen no seguinte cadro? Coñeces exemplos semellantes?

croissant	ovni
sofá cama	récord
non-fumador	moble bar
foie-gras	dvd
peme	porco teixo

C. Respecto ao xénero, podes identificar no texto algúns casos nos que a formación do feminino se fai dun xeito particular? Márcaos e comenta co teu compañeiro que outros casos especiais de flexión de xénero coñeces.

5. UN INFORME

A. Le o seguinte texto que é o comezo dun artigo sobre un tema relacionado coa auga. Coñeces algún outro lugar onde a xente teña limitacións dalgún recurso natural? Cal? Coméntao co teu compañeiro.

Na rexión andina tradicionalmente as aldeas indíxenas xestionaron a auga e resolveron os conflitos arredor deste **recurso** seguindo sistemas propios, mediante o que poderíamos chamar unha “cultura da auga” indíxena. Non obstante, na actualidade os **ditos** sistemas de xestión están en grave perigo, xa que os gobernos estatais **destes** países impuxeron novas leis e regulacións que ignoran o dereito á auga do que gozaron durante séculos os pobos **nativos** da rexión. Os **estados** e as empresas privadas, ao non recoñeceren **tales** dereitos, poñen en perigo a supervivencia das comunidades indíxenas campesiñas. (...)

B. Agora fíxate nas palabras subliñadas. Son sinónimas doutras que aparecen anteriormente no texto e empregámolas xustamente para non repetir. A que palabras equivalen en cada caso?

C. As palabras en grosa serven, polo contrario, para sinalar que o substantivo que as segue se refire ao mesmo substantivo que xa se citou antes. Coñeces algún outro recurso para facer o mesmo?

6. A ESCASEZA DA PRODUCCIÓN

A. A linguaxe técnica e divulgativa adoita ser moi sintéticas grazas ao uso de substantivos que, de certo xeito, poden sintetizar frases. Cales cres que resumen os substantivos en grosa destes enunciados? Fíxate no exemplo.

1. A **escaseza** de alimentos provoca unha **suba** nos prezos.
• Os alimentos son escasos; isto provoca que os prezos suban.
2. O **crecemento** da poboación dificulta a **recuperación** das zonas naturais e a **reproducción** da flora.
3. A **viabilidade** do proxecto depende da **aprobación** da lei.
4. A **elaboración** do **regulamento** impedirá a **emisión** de gases contaminantes.
5. As ONG dan unha resposta máis rápida a algúns problemas grazas á súa **flexibilidade**.
6. A **rapidez** da resposta ante o lume é esencial para evitar a **queima** de grandes extensións.
7. A **realización** deste estudo será custeada por fondos europeos e axudará ao **desenvolvemento** da rexión.
8. O goberno xa demostrou a súa **incapacidade** ante estes novos fenómenos.
9. O **investimento** nas áreas afectadas polas inundacións paliará as **carencias** conxunturais ocasionadas.

10. A **reciclaxe** de residuos orgánicos axuda enormemente á **conservación** do medio.

B. Agora, completa este cadro cos substantivos, verbos e adxectivos correspondentes.

VERBO	SUBSTANTIVO DE PROCESO/ACCIÓN
actuar	
	a realización
	a perda
decidir	
restringir	
descubrir	
	a proba
	a compra
suprimir	
	o aumento
	a diminución
contaminar	
reciclar	
	a protección
cambiar	
ADXECTIVO	SUBSTANTIVO DE CUALIDADE/PROPIEDAD
belo/a	
	a igualdade
	a tranquilidade
sociable	
tímido/a	
escaso/a	
	a sinceridade
escuro/a	
capaz	
fino/a	
largo/a	
alto/a	
certo/a	

C. Fíxate nos sufixos que emprega o galego para crear substantivos. De que xénero son os substantivos creados desta forma? Coñeces outras palabras formadas cos mesmos sufixos?

D. As palabras do seguinte cadro fórmanse mediante a prefixación. Segundo os modelos, podes achegar outros exemplos de palabras que se forman con estes ou outros prefixos?

a) indisciplina	d) coautor	g) prehistoria
b) desequilibrio	e) anteollos	h) recaída
c) posdata	f) contraluz	i) antiheroe



Nominalización

NOMES DERIVADOS DE VERBOS

Estes nomes poden substituír unha frase na que a acción é a designada polo verbo de orixe. Moitos substantivos fórmanse a partir de verbos aos que se lles engaden sufixos. Os máis frecuentes son os seguintes.

-CIÓN/-CCIÓN/-SIÓN

● **A actuación dos equipos sanitarios tralo accidente** foi enormemente eficaz. (= os equipos sanitarios actuaron moi eficazmente logo do accidente)

! Os substantivos terminados en **-ción/-cción/-sión** son femininos e normalmente indican o proceso ou o resultado dunha acción.
elaborar - **a elaboración** reducir - **a redución**
cocer - **a cocción** revisar - **a revisión**

-ADO/-ADA/-IDO/-IDA

● **O envasado dos produtos alimenticios** debería estar máis controlado. (= os produtos alimenticios non se envasan co suficiente control)

lavar - **o lavado** retirar - **a retirada**
roncar - **o ronquido** saír - **a saída**

-MENTO

● **O descubrimento de novas enfermidades que afectan os bosques** é un sinal da degradación do medio. (= descóbreanse novas enfermidades que afectan os bosques)

investir - **o investimento** desenvolver - **o desenvolvemento**
derribar - **o derribamento** sentir - **o sentimento**

! Nalgúns casos, o substantivo presenta algunha alteración con respecto ao verbo.

disolver - **a disolución** inscribir - **a inscrición**
pedir - **a petición**

-AXE

● **A reciclaxe do papel** permite aforrar grandes cantidades de auga. (= **reciclar** o papel permite aforrar grandes cantidades de auga)

drenar - **a drenaxe** almacenar - **a almacenaxe**
embalar - **a embalaxe** aterrar - **a aterrxaxe**

Outros substantivos emparentados con verbos non presentan os sufixos anteriores e, polo xeral, son masculinos.

consumir - **o consumo** usar - **o uso**
cultivar - **o cultivo** citar - **a cita**
transportar - **o transporte** probar - **a proba**

NOMES DERIVADOS DE ADXECTIVOS

Estes nomes poden substituír unha frase na que se expresa unha calidade (polo xeral, frases con **ser** e **estar**).

-EZ/-EZA

● Parece que as administracións non son sensibles **á beleza das nosas paisaxes naturais**. (= as nosas paisaxes naturais son belas)

-URA

● **A altura daquelas árbores** indica que o bosque é moi antigo. (= aquelas árbores son máis ou menos altas)

-IDADE

● Os nosos ríos dependen da nosa **capacidade para defendelos**. (= somos capaces de defendelos)

Palabras formadas por prefixación

Na prefixación, antepóñense elementos, denominados prefixos, a unha base para crear un novo vocábulo. Neste proceso, a nova palabra adquire un significado distinto da orixinal, manténdose na mesma categoría gramatical desta.

impaciencia (substantivo) = **im-** + **paciencia** (substantivo)
anormal (adxectivo) = **a-** + **normal** (adxectivo)
reler (verbo) = **re-** + **ler** (verbo)

Palabras formadas por composición

Son palabras que teñen máis dunha palabra como base e que poden pertencer a distintas categorías gramaticais. Presentan unha orde fixa dos elementos que as constitúen e non se poden suprimir nin substituír.

salvavidas = **salva** (verbo) + **vidas** (substantivo)
lingua de can = **lingua** (subst.) + **de** (preposición) + **can** (subst.)
tempo morto = **tempo** (substantivo) + **morto** (adxectivo)

O plural das palabras compostas

As palabras compostas compórtanse de distintas maneiras para a formación do plural. Cando se trata dun composto gráfico, que se escribe como unha soa palabra, só se fai o plural do último elemento.

beirarrúa/beirarrúas **quefacer/quefaceres**
cartafol/cartafoles **ruxerruxe/ruxerruxes**

! Algúns compostos gráficos só teñen unha forma. Neste caso, sabemos se están en singular ou en plural a través dos determinantes que os acompañan: **o/os limpachemineas, o/os garda-agullas, o/os gardacostas, o/os quitamanchas, o/os sacamoas** etc.

Nas palabras compostas que se escriben con guión, só vai en plural o último elemento.

épico-lírico/épico-líricos **non-fumador/non-fumadores**

Só se fai o plural do primeiro elemento nos compostos formados por dous substantivos.

sofá cama/sofás cama **piso piloto/pisos piloto**
moble bar/mobles bar

Asemade, cando nos compostos hai un nexo entre as bases, só se flexiona o primeiro elemento.

paso a nivel/pasos a nivel **pita do monte/pitas do monte**
ferro de pasar/ferros de pasar

Faise o plural de todos os elementos cando a palabra é composta por un substantivo e un adxectivo.

porco bravo/porcos bravos **garda civil/gardas civís**
pé dereito/pés dereitos

❗ A palabra que vai en plural faíno segundo a regra de formación do plural á que pertence: **rúa/rúas, fol/foles, facer/faceres, civil/civís** etc.

Outros casos especiais na flexión de número

Hai palabras non patrimoniais, xeralmente chamadas estranxeirismos ou cultismos, que presentan a formación do plural dun modo particular. Aos estranxeirismos, palabras doutros idiomas que, a pesar do frecuente emprego, manteñen a súa forma orixinal, engádeselles **-s**: **club/clubs, pub/pubs, clip/clips, robot/robots, croissant/croissants** etc.

O mesmo ocorre cuns poucos cultismos que se conservan na lingua: **álbum/álbums, réquiem/réquiems, tándem/tándems** etc.

As marcas non se deben pluralizar, xa que son nomes propios. Algunhas pasaron a designar obxectos comúns e fan a flexión de número a través dos determinantes que as acompañan: **o land rover/os land rover, o kleenex/os kleenex** etc.

As siglas non se pluralizan. Non obstante, atópanse na lingua algunhas cuxo emprego está moi sistematizado, de xeito que se comportan como palabras comúns, presentando incluso algunha transformación morfolóxica (como o acento gráfico). Todas elas se escriben en letras minúsculas e admiten a flexión de plural, segundo as regras para as palabras patrimoniais: **peme/pemes, ovni/ovnis, láser/láseres, radar/radares** etc.

Hai tamén casos nos que o plural deste tipo de siglas presenta formas diversas, como ocorre, por exemplo, con **CD** e **DVD**: **cd/cds; o/os CD; cedé/cedés**.

Xénero: casos especiais

Hai palabras cuxas formas de feminino son moi peculiares: heroe/**heroína**, tsar/**tsarina**, sacerdote/**sacerdotisa**, profeta/**profetisa**, poeta/**poetisa**, xudeu/**xudía**, rei/**raíña**, galo/**galiña**, príncipe/**princesa**, abade/**abadesa**, barón/**baronesa**, actor/**actriz**, emperador/**emperatriz**.

Cohesionar textos

RESURCOS LÉXICOS

En moitos textos é necesario retomar partes do discurso xa mencionadas e, en numerosas ocasións, non queremos repetir coas mesmas palabras aquilo que xa dixemos. Para iso, podemos empregar varios recursos.

SINÓNIMOS

O incendio propagouse rapidamente. As causas do lume son aínda descoñecidas.

NOME REFERIDO A UNHA CATEGORÍA Á QUE PERTENCE O NOME CITADO OU A UNHA CARACTERÍSTICA DESTA

O accidente estragou **o coche**. Non obstante, os ocupantes abandonaron **o vehículo** polo seu propio pé.

Irá frío **en Santiago**: as temperaturas na **capital de Galicia** non pasarán dos cero graos.

Frida Kahlo tivo unha vida difícil. **A pintora mexicana**, recluída nunha cadeira de rodas...

En textos máis formais, estes nomes poden ir acompañados de expresións como **o/a/os/as dito/a/os/as, o/a/os/as citado/a/os/as** ou **o/a/os/as mencionado/a/os/as**.

- *Memorias dun neno labrego*, de Neira Vilas, é un clásico da narrativa do século XX. **A dita** obra é, ademais, unha das máis vendidas...

Cando se empregan estes recursos, non é estraño repetir o mesmo nome.

- Un informe sobre o estado da rede ferroviaria desatou a polémica. No **citado** informe recóllense datos que...

Cando un nome (circunstancias, caso, condicións etc.) retoma e resume unha parte do discurso dito anteriormente, é frecuente que vaia acompañado de **tal(es)**.

- Ides ir á montaña? Sabedes que se prevén fortes choivas?
 - Si, sabémolo, pero decidimos ir igual.
- En **tal** caso, levade un móbil e baterías de reposto.
- As temperaturas seguían subindo e a humidade era moi baixa. En **tales** circunstancias, un grande incendio podía ser devastador.

Estes recursos pódense aplicar tamén a frases, a ideas ou a fragmentos completos do xa mencionado anteriormente.

As autoridades do país anunciaron que **non van renovar o tratado internacional sobre a pesca da balea**. **A citada/esta/a dita/tal decisión** xa provocou diferentes reaccións da comunidade internacional.

RECURSOS GRAMATICAIS

Como xa sabes, os pronomes persoais átonos empréganse para referirse a persoas, cousas e frases xa mencionadas que reaparecen en función de obxecto directo ou de obxecto indirecto.

- Estiven con **Eva**; encontréina moi cambiada.
- Dixéronme que **estabas de vacacións en Creta**. Non **o** sabía.
- Onte vin a **Xoán** e a **Marta** e deilles **o** teu recado.

En ocasións, empréganse os pronomes persoais tónicos para facer referencia a persoas e, con menos frecuencia (sobre todo en textos de rexistros máis cultos), a obxectos ou a enunciados.

Nunca detiveron a **Alberte Ferreiro**, a pesar de que **el** fose o único sospeitoso do crime.

As rapazas do equipo arxentino sabían que podían gañar. Ademais, o público estaba con **elas**.

Os fondos recadados usaranse con fins humanitarios: con **eles** compraranse medicamentos e alimentos que serán enviados a zonas castigadas por conflitos bélicos.

❗ Para retomar unha frase ou un fragmento do discurso, adóitase preferir **iso**.


- *A nota mínima para entrar na Facultade de Medicina é de 8,6*. **Iso** fai que moitos alumnos non escollan esta carreira.



7. RECICLA

Unha das cuestións máis importantes para o desenvolvemento sostible é o tratamento de residuos. En parellas, escribide un texto nun rexistro culto proponendo o problema e ofrecendo solucións. Podedes apoiaros nos seguintes datos.

- Case un millón de toneladas de residuos ao ano en Galicia.
- Máis de 2 millóns de habitantes.
- 70% dos residuos non tratados van directamente aos vertedoiros producindo gas metano e provocando un efecto invernadoiro.
- 50% dos residuos = materia orgánica.
- Materia orgánica = utilizable para a recuperación do solo.
- Unha tonelada de papel reciclado = 15 árbores que non se cortan.
- 94% do plástico é reciclable.



8. NON ESTOU DE ACORDO

Aquí tes unha serie de afirmacións que poden resultar polémicas. Podedes discutilas toda a clase poñendo en común as informacións que teñades ao respecto.

– Cando as reservas de petróleo se esgoten, o planeta entrará nunha enorme crise enerxética e todo cambiará.

.....

– Antes de que se acaben as reservas de petróleo, descubrirose a maneira de facer funcionar os motores con auga.

.....

– Cando os gobernos decidan actuar realmente contra o efecto invernadoiro, será demasiado tarde e as cidades da costa de todo o mundo desaparecerán.

.....

– A selva amazónica continuará desaparecendo mentres os gobernos da zona non tomen medidas serias e prohiban totalmente a corta de árbores.

.....

– Debería penalizarse os consumidores que non reciclan o plástico que botan ao lixo.

9. PERIGOS E AMEAZAS

A. Os perigos que ameazan o medio son moitos e moi variados. En parellas, pensade en cales son os que afectan os seguintes ámbitos e facede unha pequena listaxe.

OS MARES

.....

A contaminación. En moitos lugares os barcos verten os residuos dos motores ao mar.

.....

AS SELVAS TROPICAIS

.....

.....

.....

.....

.....

.....

OS RÍOS

.....

.....

.....

.....

.....

.....

CLIMA

.....

.....

.....

.....

.....

.....

B. Cres que hai outros ámbitos nos cales se pode poñer en perigo o coidado do medio? Coméntao co teu compañeiro e anotádeos na vosa folla.


C. Pasádelle a vosa folla a outro grupo. Eles deberán decidir cales son as mellores ideas e solucións para cada un dos perigos nos que pensastes.

10. O XOGO DO ABECEDARIO

Que cousas se poden atopar nos lugares das fotografías? O voso profesor diravos unha letra do abecedario. Cada un deberá buscar algo que comece por esa letra e que se poida atopar neses lugares. Quen acaba primeiro?



NO MAR



NOS RÍOS



NAS MONTAÑAS



NAS SELVAS E NOS MONTES

11. UNHA CAMPAÑA



CD 22

A. As campañas publicitarias de concienciación social empezan, en ocasións, cun primeiro anuncio cuxo obxectivo non é totalmente evidente. Vas escoitar un anuncio correspondente a unha campaña deste tipo. Cal cres que é o seu obxectivo? Discúteo cos teus compañeiros.



CD 23

B. Escoita agora o anuncio que seguiu ao anterior. Eran acertadas as hipóteses?

12. QUE PASARÍA SE...?

En parellas, crede a cadea de causas e consecuencias máis longa que poidades a partir de cada un dos feitos propostos.

- A suba radical da temperatura do planeta.
- A destrución das selvas tropicais.
- O esgotamento das reservas de petróleo.
- O estoupido dunha guerra nuclear.
- *Se a temperatura da terra subise radicalmente, produciríase o desxeo dos polos. Se se producise o desxeo dos polos...*

13. CREAR CONCIENCIA

A. En grupos de tres ou catro, ides crear unha campaña de concienciación cidadá sobre un problema ou cuestión próxima a vós que vos pareza importante, interesante ou divertida. Podedes escoller unha destas tres posibilidades ou pensar noutra.

UNHA CIDADE OU UN BARRIO MÁIS SILENCIOSO

Como crear un contorno menos ruidoso e evitar que as persoas, os transportes, os establecementos de ocio etc. interfiran na paz acústica.



B. Decidide que tipo de campaña ides crear. Podedes darlle forma de páxina web (cunha páxina de entrada e, na seguinte, varias seccións que desenvolvan os diferentes aspectos da cuestión) ou de cartel publicitario (con textos que expliquen diferentes aspectos do problema que queredes tratar).

C. Agora, presentádelle a vosa campaña ao resto da clase.


UNHA CIDADE MÁIS LIMPA, HARMONIOSA E ELEGANTE

Como conseguir unha cidade máis bonita, que cambios propoñemos, que cousas prohibimos, como incentivamos a persoas, comercios, institucións etc., para que todo sexa máis belo.



AFORRAR AUGA E/OU ENERXÍA

Que facer para gastar menos, reciclar máis e non desperdiciar. Como podemos actuar para aforrar auga nas nosas cocinas, baños, xardíns. Que poden facer as institucións e as empresas con respecto á subministración de auga, ao mantemento de parques, xardíns, á fabricación de material vinculado ao consumo de auga...



14. AGRICULTURA RENDIBLE, AGRICULTURA SOLIDARIA

A. Unha das historias máis convulsas da Galicia actual é a do Pazo Baión. Sabes algo del? Despois da lectura do seguinte texto, saberás por que se fixo famoso.

Aplacidez que transmite o pequeno val onde se estenden as 22 hectáreas de viñedos do Pazo Baión e a calma que irradia contemplado dende o alto que dá lugar ao adro da igrexa de San Xoán de Baión pouco fan sospeitar a convulsa historia deste pazo. Os focos mediáticos comezaron a proxectarse sobre el cando, en 1985, foi adquirido polo, daquela, presunto narcotraficante Laureano Oubiña e moi pronto a sona e o esplendor dos terreos traspasaron o ámbito local para nutrir as novas do ámbito estatal. A fastosidade das reformas, o incremento da plantación vinícola e a escasa discreción do seu propietario non pasaban desapercibidas para ninguén que aterraba nas Rías Baixas. Por iso, non foi unha sorpresa cando, como se dun *thriller* se tratase, en 1990 unha espectacular operación policial, con helicópteros rodeando o lugar, deu con Oubiña no cárcere. A actuación da policía inscribíase na operación Nécora que, levada a cabo polo xuíz da Audiencia Nacional, Baltasar Garzón, tiña por obxecto abater as actividades relacionadas co narcotráfico.

Dende ese momento, o colectivo de nais de fillos drogodependentes, lideradas pola asociación Érguete, non deixou de manifestarse diante do pazo e de pedir que fose expropiado en beneficio da loita contra a droga. E así foi cinco anos despois da detención de Oubiña. Co propietario en prisión e xulgado, a Audiencia comisou o pazo e os beneficios orixinados pola explotación dos terreos irían en parte destinados ao Plan Nacional sobre Drogas, para plans sobre prevención de drogadicción. No ano 2001 Freixenet arrendou os terreos e comezou a traballar os viñedos. A propia empresa catalá quixo concorrer á poxa de venda do pazo que, finalmente, foi adquirido, en xullo de 2008, pola cooperativa galega Condes de Albarei, dedicada á produción de viño albariño.

Deste xeito, por fin parece que a lenda negra sobre o pazo comezou e remitir e a cooperativa Condes de Albarei xa anunciou, entre os seus proxectos, a constitución dun centro de enoturismo no pazo, coa creación dunha bodega de viños de alta gama e a construción dunha sala de congresos e un hotel. A cooperativa destinará o 5% dos ingresos que xere o pazo para a prevención e atención a drogodependentes e dará traballo a persoas que estean a se reinserir laboralmente, ata cubrir un mínimo de catrocentas xornadas de traballo ao ano. Será o modo de que o pazo chegue a ter unha finalidade máis nobre ca a que tivo no seu pasado.

B. Sabes dalgunha historia similar ou dalgún caso onde a actividade produtiva vaia destinada a accións sociais? Coméntao coa clase.

15. NATUREZA ÍNTIMA

A. A natureza é un dos elementos que máis presenza ten na literatura galega e, en moitos casos, serve para proxectar nela diversos sentimentos ou estado de ánimos. Aquí tes catro poemas de poetas de diferentes épocas. Leos e tenta captar a mensaxe que transmiten. Cal dos seguintes temas cres que se pode relacionar con cada un deles?

Soidade
Desamparo
Paso do tempo
Saudade



B. Agora escóitao recitados. Axudouche a entender mellor o poema? Por que non recitas un dos poemas diante da clase? Leralo ou faralo de memoria?

C. No teu caderno, recrea polo menos dúas estrofas do poema que prefiras. Busca, para algunha das palabras do poema escollido, sinónimos ou expresións que expliquen o seu significado. Que che parece o resultado?

● *Coas fermosas follas novas...*

D. Imaxínade que traballades para unha editorial que vai publicar os catro poemas e o comité de redacción decidiu editalos segundo a norma do galego actual. En grupos, distribuídevos os poemas e verificade se se axustan á normativa vixente. Se non, facede as correccións que consideredes oportunas.



Abride, as frescas rosas
brilade, os caraveles;
do seu xardín os árbores, vestidos
cas lindas follas verdes;
parras que un tempo sombra nos prestaches,
a cubrirvos de pámpanos volvede.
Natureza fermosa,
a mesma eternamente,
dille ós mortais, de novo ós loucos dille
¡que eles nomais perecen!

ROSALÍA DE CASTRO

Ei ven o tempo de mazar o liño!
COLGAN as mazorcas das solainas.
Cain as castañas nos soutos reprexados.
Chega o lonxe ruxir das augas
entre o tróupele-tróupele dos mazos...

/
SON das augas! Doado vir do lonxe!
Expostas á coor i o son do Outono
as nembranzas logo serán pouso sin nome.

UXÍO NOVONEYRA

ningunha rosa
do xardín
recoñece xa
os meus pasos
que regresan
sós

RAFA VILLAR

QUEN ÁRBORE

cando outono te abra como un libro
e perdas folla a folla
e a seiva a rastro tronco arriba
sen azos para turrar

con todo freixo
para ti chega con espreitar por marzo
bulir unha vez máis desenguruñar
follas brancas tirar fóra
rebotos

quen árbore e nacer en primavera
trocar afáns por raíces
quen freixo termando do vento
sen este frío

MARILAR ALEIXANDRE



Rosalía de Castro (1837-1885) é gran poetisa das letras galegas. Foi a figura central do Rexurdimento galego, no

século XIX, e unha das figuras centrais do romanticismo tardío peninsular. Casou co intelectual galego Manuel Murguía, grande impulsor da súa obra, e a súa vida contivo etapas de agudo sufrimento –tal como reflectiu nos seus poemas–, motivado pola morte de dous fillos e pola súa delicada saúde. Os seus libros máis salientables son os libros de poemas *Cantares Gallegos* (1863) e *Follas Novas* (1880).

Uxío Novoneyra (1930-1999) foi denominado o poeta do Courel pola gran pegada que esta rexión xeográfica deixou na súa obra. Viviu entre Madrid e Santiago de Compostela, onde arribou definitivamente en 1983 e alí ficou ata a súa morte. Foi o presidente da Asociación de Escritores en Lingua Galega e entre os libros de poemas máis destacados figuran *Os Eidos* (1955) ou *Elexías do Caurel* (1966).



Rafa Villar (1968) naceu en Cee e foi cofundador do Batallón Literario da Costa da Morte. Combina a súa actividade literaria

coa política xa que foi portavoz da plataforma Nunca Máis. É un dos escritores novos de poesía máis laureados e coñecidos, o cal non é óbice para que non posúa unha extensa obra, na que se poden destacar libros como *A sotavento dunha singradura* (1995), *Casa ou sombra* (1997) ou *Días de Sherezade* (2000).



Marilar Aleixandre (1947) é unha poetisa polifacética, xa que, bióloga de profesión, é tamén tradutora e escritora. Ademais, na

súa faceta literaria, combina a lírica coa narrativa, tanto para adultos como para rapaces e mozos. Escribiu os libros de poemas *Catálogo de venenos* (1999) e *Desmentindo a primavera* (2003).